

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

MODIFICACIÓN DO ARTIGO 36 DO REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL QUE QUEDA REDACTADO DO SEGUINTE XEITO:

"Artigo 36.- O baremo de aplicación ás solicitudes de admisión será o seguinte:

1º.- SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- 1.1.- Por cada membro da unidade familiar 2 puntos.
- 1.2.- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo dela1 punto.
- 1.3.- No caso de que a nena/o para a/o cal se solicita praza nacesse nun parto múltiple.....1 punto.
- 1.4.- Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia.....2 puntos.
- 1.5.- Pola condición de familia monoparental3 puntos.
- 1.6.- Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais 6 puntos.
- 1.7.- Pola condición de familia numerosa 3 puntos.
- 1.8.-Outras circunstancias familiares debidamente acreditadasata 3 puntos.

2º.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

- 2.1- Situación laboral de ocupación:
 - Nai..... 4 puntos.
 - Pai4 puntos.
- 2.2- Situación laboral de desemprego (1):
 - Nai 2 puntos
 - Pai 2 puntos.

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

3º.- SITUACIÓN ECONÓMICA

RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30% do IPREM +4 puntos.
- Entre o 30% e inferior ao 50 % do IPREM +3 puntos.
- Entre o 50 % e inferior ao 75% do IPREM +2 puntos.
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM +1 punto.
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM -1 punto.
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM..-2 puntos.
- Entre o 150% e o 200 % do IPREM -3 puntos.
- Superior ao 200% do IPREM -4 puntos.

*No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor e, en segundo lugar, as solicitudes de xornada partida sobre as solicitudes de media xornada, e despois da aplicación deste criterio daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

*Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

*No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2.a e 3.a do baremo.

O citado baremo quedará modificado automaticamente en función do establecido polo organismo autonómico competente nas posteriores convocatorias de concesión das axudas das Escolas Infantís 0-3 dependentes das corporacións locais.

Monforte de Lemos ,a 23 de maio do 2012, O ALCALDE

R.2241